

## DIDÁCTICA DA LINGUA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

*Dorinda Castro Soliño*  
*Rosa Gullón González*

IB Porriño  
INGABAD Lugo

Este relatorio é un extracto dun traballo máis amplo e profundo que se está realizando sobre a didáctica da lingua nos medios de comunicación. Razóns evidentes lévannos a facer un resumo das ideas do devandito traballo.

Un dos obxectivos da Planificación Lingüística dun país é a actuación no ámbito do ensino. Desde que o ensino da lingua e da literatura se fixo obrigatorio contamos cun sector de poboación (evidentemente o máis novo) con, en principio, competencia lingüística escrita na súa propia lingua. Tema doutro traballo sería o nivel desa competencia, a competencia oral e os ámbitos nos que ese sector da poboación emprega o galego.

Pero en datas anteriores, a meirande parte da poboación era analfabeta na súa propia lingua, aínda que esta fose a maioritariamente falada. Como di o profesor Constantino García, no prólogo do libro *Galego coloquial*:

A Lei de Normalización Lingüística en vigor pretende que o coñecemento do galego sexa un dereito e un deber de tódolos galegos. Os centros de ensino de tódolos niveis permiten que a poboación infantil e adolescente se estea a formar no galego, pero a grande masa da poboación adulta non tivo posibilidade de aprender gramaticalmente a lingua materna ou cotiá. Son moitos os galegos que se recoñecen “analfabetos” na súa propia lingua por non teren o costume de ler ou escribir en galego. Son moitos os que falan adoito a lingua galega, pero temen escribila ou falala publicamente por medo a cometer incorreccións, debidas sobre todo ó uso do castelán para os mesteres máis elevados da vida social.<sup>1</sup>

Era preciso, entón, habilitar medios para que o coñecemento do galego escrito chegase a tódolos sectores da poboación.

<sup>1</sup> H. Monteagudo (dir.): *Galego coloquial*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1986, páx. 13.

Neste ámbito de actuación debemos salientar o papel dos medios de comunicación que se empregaron e que se están a utilizar para a divulgación do “uso correcto” da lingua e da aprendizaxe da escrita.

Así mesmo, na sociedade actual estes son instrumentos fundamentais para a divulgación dos idiomas. No concepto de aldea global vixente na actualidade, son cada vez máis as facilidades para a aprendizaxe das linguas estranxeiras a través dos máis modernos medios técnicos. Non esquezamos casos como o inglés que pode ser aprendido hoxe por medios audiovisuais, CD Rom e mesmo por cursos impartidos a través de televisións estatais. O obxectivo destes cursos, polo tanto, é a expansión lingüística e que os falantes aprendan unha segunda ou terceira lingua como vehículo de comunicación internacional ou para as relacións comerciais. A este respecto, ten avanzado moito a didáctica empregada nestes cursos que poñen especial énfase no diálogo e na comunicación oral.

Pero outra cousa é falar da aprendizaxe das linguas minorizadas nos medios de comunicación social: radio, televisión e prensa escrita, especialmente. Trataríase de que nestes casos os obxectivos a conseguir fosen: o ensino dunha lingua que consideramos que debe ser a primaria, a aprendizaxe dunha variedade estándar da lingua e a contribución á Normalización Lingüística, na medida en que estes cursos serven para ampliar os ámbitos de uso do idioma ou as súas funcións como medio de comunicación social. Dito doutro xeito, poden ser un espello das actuacións na planificación do corpus e na planificación do status.

Duns anos a esta parte, vimos asistindo a unha política de subvencións a diversos medios de comunicación que divulgan este tipo de cursos. Política que, de todos os xeitos, de non ser acompañada da actuación noutros ámbitos (como a lingua empregada neses mesmos medios) pouco terá de fructífero.

O obxectivo deste traballo é o de facer unha escolma dos cursos impartidos ata o momento polo valor documental que isto poida supoñer e, na medida do posible, unha análise da metodoloxía neles empregada.

Pero son necesarias unhas consideracións previas. En primeiro lugar, as limitacións que proceden da comunicación unilateral destes medios nos que o lector ou o oínte é un simple receptor pasivo. Nesta liña cómpre citar as palabras do profesor Bustamante, recollidas por Henrique Sanfíz, na súa obra *Pública e local. Radio municipal en Galicia*, quen considera incorrecta a aplicación do nome medios de comunicación ós grandes media, xa que

salvo honrosas e escasas excepcións as citadas empresas (...) configuran un sistema no que escasea realmente a comunicación. Existe soamente un emisor activo e multitude de receptores totalmente pasivos<sup>2</sup>

En segundo lugar, trátase de reflexionar sobre a condición dese público receptor, ó que van dirixidos estes cursos. Normalmente, ó seren cursos de difusión xeral, o “alumnado” é heteroxéneo: poden ser alumnos/as de fala materna castelá que queren aprender o galego

<sup>2</sup> H. Sanfíz Raposo, *Pública e local. Radio municipal en Galicia*, Edicións Lea, Colección Comunicación, nº 5, A Coruña, 1993, páx. 13.

como segunda lingua ou persoas que falan unha variedade dialectal do mesmo. Unha reflexión, pois, que cremos é necesario facer a todos os que autores destes cursos é a maneira de achegarse ó alumno e a maneira de achegar a curiosidade lingüística ó alumno. Ás dificultades que supón calquera método de aprendizaxe, engádese agora o feito de estar dirixido este a todos os sectores da poboación con todas as variantes sociais posibles nesa sociedade tendo en conta o nivel cultural, situación socioeconómica, etc. O método de aplicación dificilmente será satisfactorio para todos, pero cremos que, calquera que este sexa, o obxectivo fundamental é a aprendizaxe do galego dende o galego e nunca o ensino deste como “diferencia” con respecto a outra lingua que se pretenda primaria no alumnado

A continuación, imos facer unha breve reflexión sobre algúns cursos que se impartiron nos seguintes medios: prensa, radio e televisión.

## A PRENSA

Limitarémonos a facer un estudio global da didáctica da lingua nos medios de comunicación e non da lingua nos medios de comunicación.

Sen embargo, ás veces, non deixan de confundirse ámbolos aspectos e non quixeramos deixar a un lado os esforzos realizados por persoas e institucións que, sen pretender facer un curso de galego, aproveitan os *mass media* para que o lector/o oínte se mergulle na súa lingua e coñeza os seus retrincos por medio de explicacións sobre curiosidades lingüísticas, reflexións sobre a lingua, estudos toponímicos, etc., utilizando para iso seccións fixas nos xornais ou programas culturais na radio e na televisión que teñen como obxectivo que o receptor reflexione sobre o seu galego.

A defensa do idioma como elemento fundamental da identidade nacional galega vai ser un labor que, na década dos 60, van asumir nunha gran medida as Asociacións culturais<sup>3</sup>. Promoven cursos de galego nos medios de comunicación e seccións fixas sobre temas diversos: *La Voz de Galicia* inclúe nas súas páxinas unha sección titulada “Contos para nenos”<sup>4</sup> e *El Ideal Gallego*, a titulada “Arco da Vella”<sup>5</sup>.

<sup>3</sup> Para unha maior información, consúltense as Memorias da Agrupación Cultural “O Facho” (1963-1969, 1970-1975 e 1963-1991) e o libro de Manuel Caamaño Suárez, *Sobre Galicia como responsabilidade (Escritos e discursos 1970-1986)*, Edicións do Castro, 1988.

<sup>4</sup> Esta sección inclúese nas páxinas “Los domingos de La Voz” desde o 26 de setembro de 1961 ata o 8 de xuño de 1975. Pretendíase que tantos os/as nenos/as como os/as mestres/as puidesen dispoñer de material para profundar nun mellor coñecemento do galego escrito. A agrupación cultural “O Facho” puxo a disposición do xornal o material procedentes dos seus concursos de contos infantís.

<sup>5</sup> Esta sección publicase desde xaneiro de 1976 ó 4 de marzo do 1979. Realízase baixo a responsabilidade inmediata de Xavier Alcalá coas seccións fixas “Safari toponímico”, “Colleita por leiras alleas”, “Ten reparado en que...?” e outras non fixas. Realizábase con cabeceira de Siro e tira de Xaquín Marín (Gaspariño).

Feitos puntuais que cabería subliñar son:

–*La Voz de Galicia*, os días 10 e 11 de abril de 1980, fíxose eco da publicación das *Normas ortográficas do idioma galego*. Posteriormente, no citado xornal, o profesor Xoán Carlos Rábade, durante 13 días, escribe comentarios explicativos delas.

–*El Ideal Gallego*, na súa sección “Do Idioma Galego”, convoca o 21 de Nadal de 1969 un concurso de redacción, coa colaboración da Agrupación Cultural “O Facho” e o 11 de febreiro de 1979, na súa folla “Arco da Vella”, os “Dereitos do neno” no noso idioma.

Mención especial merecen as reflexións que abranguen o campo do léxico: definición ou matización do significado de palabras, estudos do vocabulario de autores, comentarios sobre variantes de palabras... que supoñen un verdadeiro esforzo de colleita e recuperación de localismos, dialectalismos, etc. Isto é importante, porque o falante ve alí escrita a súa maneira de denominar algo concreto, e aprende que o xeito de ser galego non ten por que ser uniforme. O que para un é *fungueiro*, para outros é *fumeiro* e para outros *estadullo*, pero isto tamén é Galicia, porque como di o poeta:

Galicia somos nós,  
a terra e mais a fala  
se buscas a Galicia,  
en ti tes que atopala.

Dito isto, seguramente a todos vostedes, lles vén á memoria a figura de D. Constantino García, autor de centos de páxinas publicadas en *La Voz de Galicia*. Ás veces, as súas colaboracións tiveron a fortuna de ser recollidas e publicadas posteriormente en volumes de fácil manexo. Sen ir máis lonxe, recordemos os *Recantos da lingua*, *Follas da lingua*, *Cousas da lingua*, *Cartafol da lingua*, *Peneirando palabras*<sup>6</sup>. Este profesor segue matinando na lingua e abrindo fiestras para ela nas seccións: *Matinando na lingua* e *Fiesta da lingua*<sup>7</sup>.

Noutros casos, en datas conmemorativas, os medios impresos publican suplementos, como é o caso de *Erros de léxico*<sup>8</sup>, coordinado por Carme Hermida e entregado co xornal *O Correo Galego*.

Pero fagamos un pequeno repaso polos chamados Cursos de Galego na prensa.

–*El Ideal Gallego* publicou un curso titulado “Do idioma Galego” de 95 leccións, realizado por Ramón Fraga García e Antón Santamarina Fernández. Foi a primeira experiencia dun curso de galego nun medio de comunicación de masas<sup>9</sup>.

<sup>6</sup> C. García, *Recantos da lingua*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1983.

— *Follas da lingua*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1987.

— *Cousas da lingua*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1990.

— *Cartafol da lingua*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1990.

— *Peneirando palabras*, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1991.

<sup>7</sup> A “Fiesta da lingua” publícase na actualidade nas páxinas de *La Voz de Galicia*.

<sup>8</sup> C. Hermida Gulías (coord.), *Erros do galego*, O Correo Galego, Santiago de Compostela, 1995.

<sup>9</sup> Publicouse do 30-4-69 a 19-2-70 e formaba parte da sección “Do idioma galego” que se complementaba con dous concursos de redacción (un deles infantil, ó que xa temos feito referencia) e a enquisa “A lingua galega e as novas xeracións”. Este curso foi promovido conxuntamente polas asociacións “O Facho” e “O Galo”. Publícase os domingos na páxina do suplemento dedicada a “Libros” e os mércores e venres na páxina titulada “Teclas y Cíceros”.

Nos anos 73-74, este xornal publicou “O tío de Xurxo”, do que é autor Siro López. Máis recentemente, no ano 1990 publicou “O Galego Práctico” realizado por Plácido Lizancos, curso que publicou *El Progreso* de Lugo<sup>10</sup>.

–*La Voz de Galicia* publica “Curso de galego”, realizado polo grupo de lingua da asociación cultural “O Facho”<sup>11</sup>; no ano 1985, “O Galego coloquial”, dirixido polo profesor Henrique Monteagudo, quen tamén por estas datas foi responsable dun curso en *El Correo Gallego*, e no ano 1987, “Curso de Galego” realizado por Idiommas Campo e supervisado polo Instituto da Lingua Galega.

–*El Faro de Vigo*, todos os xoves comprendidos entre decembro de 1983 e setembro de 1984 publicou na contraportada un “Curso de Galego” do que foron responsables Xosé Luís Grande, Xosé Ramón Pena e Manuel Rosales, para o que Quesada, co seu inconfundible estilo, realizou os debuxos.

–*La Región Internacional* publicou de abril do 89 a xuño do 90 un Curso de Galego e, posteriormente, un “Curso de Historia e Literatura”, realizado polo Seminario de Galego da Sede Central do INGABAD.

–Por último, cómpre citar o xornal *O Correo Galego* que, de luns a sábado, no *Recanto da lingua* ten a sección “Mellor o seu galego”, asinado por C. Charamuscas e que xa vai polo número 628.

Cómpre subliñar que nalgún destes xornais figura a nota seguinte: “Coleccionando as leccións poderase presentar ós exames que ofrece a Dirección de Política Lingüística na convocatoria libre para obte-lo diploma de iniciación ó galego”.

Con respecto á metodoloxía empregada observamos o seguinte:

- a) Algúns parten dunha situación de comunicación por medio dun diálogo, ou dun cómic, co que se pretende combinar a dimensión oral e a escrita da lingua.
- b) Outros redúcense ás explicacións sobre a gramática.

O tratamento do léxico nestes cursos é normalmente a través de campos semánticos; a partir deles, explícanse as palabras por medio de definicións ou equivalencias co castelán. A gramática é explicada por medio de pequenos esquemas ou sínteses gramaticais. Complétanse os cursos coa proposta de exercicios para que o alumno realice.

Por ser dos máis antigos e entrañables, recordamos o curso de Siro López, “O tío de Xurxo”. Comeza cun texto grafado manualmente, e, á súa beira, a tradución ó castelán. Proseguen explicacións gramaticais e remata con comentarios sobre toponimia, xentilicios... que con apelacións ó lector pretenden que este se decate do ridículas que resultan as formas híbridas e trate de corrixirse.

<sup>10</sup> A finais do 92 e de abril a xuño do 94.

<sup>11</sup> O equipo de lingua de “O Facho” estaba formado por: Pilar Rodríguez Varela, Xavier Alcalá, Sabela Vázquez Fandiño e Xosé M<sup>a</sup> Monterroso Devesa. Constou de 122 leccións, 11 probas, 12 semblanzas de galegos ilustres e 15 entregas de vocabulario. O curso, ilustrado por Siro, foi recollido en libro, co título *O galego hoxe*. Publicouse desde o 6-XI-1977 ó 17-V-1978.

A radio é un medio de comunicación que polas súas características é especialmente indicado para a difusión da nosa lingua. Os trazos de estilo propios do medio (sinxelo, coloquial, informal, cotián) posibilitan a proximidade xeográfica e afectiva e facilitan a identificación do individuo co seu contorno.

Obviando o tema do uso do galego na radio e insistindo na idea de que reducimos o campo de estudio ó ensino da lingua, queremos subliñar, sen embargo, tantos esforzos realizados neste medio. Recordamos algúns, polo que isto significa de recuperación da nosa memoria histórica.

Lonxe quedan aqueles anos en que se emitiu o primeiro programa en galego<sup>12</sup>. Lembremos “Raíz e tempo” que se emitiu en La Voz de Vigo ó longo de 200 programas desde 1966 a 1970, ou o titulado “Da Terra e dos tempos”<sup>13</sup> realizado pola Asociación Cultural “O Facho” que se emitía en Radio Nacional de España-A Coruña (Centro Emisor do Noroeste) para toda Galicia. Lembramos tamén “Galicia sempre” en Radio Lugo, desde 1973, realizado polo “Club Cultural Valle Inclán e o programa “Lingoa e Literatura Galega” emitido todos os sábados en Radio Ourense e a Auriense. Así mesmo “A carón”, da COPE, Lugo, no que colaboraba Victorino Pérez Prieto e que trataba de implicar á xente na súa realidade cultural e lingüística, e o fito marcado pola COPE, en Radio Popular de Vigo, onde polo 1968, con persoas comprometidas coa lingua como Víctor F. Freixanes, Xosé María Palmeiro se ensaiou a experiencia dunha radio galega, coa incorporación do idioma galego ó medio, debates sobre a realidade do país, etc.<sup>14</sup>. Igualmente, lembramos o tan popular programa dos “Contos de Seixadelo” que a partir de 1965 se emitían nas ondas ourensás.

Mais, centrándonos no estudio do lingua, a finais dos anos 70, na Cadea COPE de Ferrol liánse parágrafos do libro *Gramática Elemental del Gallego Común* do profesor Carballo Calero, nunha sección titulada “A nosa lingua”, incluída no programa *O Espello*. No ano 71, nesta mesma emisora, emítese cada xoves un curso de 15 minutos de duración, realizado por Xulia Díaz Sixto no que se segue o libro *Gallego 1*, publicado polo Instituto da Lingua Galega. Quizais sexa importante sinalar que o programa foi patrocinado por unha entidade comercial que asumiu o custo de dita emisión e cambiou o seu nome de cristalería “El Espejo” polo de vidrería “O Espello”. A partir do 73 incorpórase ó programa Siro

<sup>12</sup> *La Voz de Galicia* do 2-5-89 recolle a noticia da emisión do primeiro programa en galego. Esta transmisión radiofónica en galego tivo lugar no verán de 1956, en Radio Juventud de Galicia da Coruña, e débese ás xestións do xornalista Augusto Assía.

<sup>13</sup> O primeiro programa, dos 63 de que constou a serie, emitiuse o 6 de setembro de 1973 e o derradeiro no ano 1877. Cunha periodicidade quincenal tratábanse temas de actualidade relacionados coa problemática lingüística, socio-económica e cultural, así como entrevistas a importantes intelectuais galegos.

<sup>14</sup> Radio Popular de Vigo promoveu en 1983 o primeiro curso de iniciación ó galego para locutores, informadores, técnicos e colaboradores. Posteriormente, emitiu en galego a maior parte da súa programación en Frecuencia Modulada.

López, cunha sección titulada “O espello covado”; e en 1975 comeza un curso de galego no que participa a súa filla. Importantísimo é dicir que se adapta para unha nena o curso que se viña publicando en *El Ideal Gallego*, “O tío de Xurxo” realizado polo mesmo Siro.

Seguindo coas ondas, en Antena 3, nos anos 80 emitiuse “Galego coloquial”, cunha periodicidade diaria, realizado por Henrique Monteagudo, en colaboración co Instituto da Lingua Galega. Tamén nestes anos, emítese na Radio Municipal de Fene, emisora municipal máis antiga que na actualidade aínda segue emitindo, o programa “A fervenza”, a cargo de Agustín Fernández Paz e Inma Reino no que, á parte doutros contidos, se explicaba o uso correcto da lingua. En Radio Lugo emítese, semanalmente, cunha duración dunha hora, un curso de 18 leccións, patrocinado pola Deputación Provincial e elaborado polos profesores Ramón Reimunde Noreña e Xoán Carlos Rábade. Máis recentemente, nesta mesma emisora, en conexión con Radio Faro de Chantada, Radio Mariña de Viveiro e Radio Mariña de Mondoñedo, comezan unha serie de cursos patrocinados pola Dirección Xeral de Política Lingüística coa particularidade de que os/as oíntes poderían matricularse e presentarse ás probas que lle permitían conseguir o título correspondente e recibían un documento de apoio que complementaba as explicacións dadas no programa. Así, de marzo a maio do ano 93, emítese diariamente o primeiro curso de iniciación á lingua galega, que constou de 48 leccións de 30 minutos cada unha<sup>15</sup>.

De abril a xuño do 94, emítese o segundo curso de iniciación e no 96, o primeiro curso de perfeccionamento<sup>16</sup>.

Un caso á parte é a experiencia de radio ECCA, que organiza cursos de iniciación e perfeccionamento, nos que se combinan as explicacións a través das ondas coas clases semanais presenciais, que permiten un seguimento do/a alumno/a. E así mesmo, Radio Bemposta de Ourense, onde se emiten cursos de iniciación e perfeccionamento.

Con respecto ás vantaxes didácticas que ten a radio, a partir da nosa propia experiencia, cremos que a afectividade pode exercer un importante papel motivador e polo tanto normalizador.

A pretensión é que o/a alumno/a, a través do uso didáctico da nosa música, dos nosos costumes e tradicións e mesmo das reflexións sobre os cambios que se están a producir, se identifique vivencialmente co que está a escoitar e aprenda que o ser galego implica formar parte dunha colectividade, cun pasado e presente comúns.

Pensamos que é importante sinalar, e isto non é só válido para a radio, que constatamos un uso frecuente de frases do tipo: “non se di, está mal dito, é incorrecto”, aplicado a formas dialectais, co que se crea no/a alumno/a a conciencia de que fala un mal galego. Outro tema sería a explicación de castelanismos e formas híbridas. Por outra parte, cremos que o vocabulario non se debe explicar por medio de traducións, pois iso significa que o alumno aprende a pensar noutra lingua.

<sup>15</sup> Impartido por Dorinda Castro, Luisa Otero e Rosa Gullón.

<sup>16</sup> Foron impartidos por Matilde Fernández, sendo autora do documento Montserrat Rodríguez.

Dado o influxo que este medio actualmente exerce sobre a sociedade galega, podería representar un papel fundamental no proceso de normalización e dignificación lingüística do país.

Os consumidores de televisión reciben mesmo subliminalmente mensaxes que condicionan e configuran o pensamento individual e colectivo. Citando a Xosé Antón López Dobao en *Cadernos de lingua*:

A televisión non é un instrumento neutral: é un instrumento que se pode empregar nun sentido negador das culturas e das linguas minorizadas ou nun sentido normalizador (...). O principal medio de comunicación de Galicia, a TVG, débese orientar á recuperación do prestixio social perdido para o idioma e consecuentemente debe impulsar un proceso de inversión de tendencias nas actitudes e nos usos<sup>17</sup>

Poñamos, simplemente como exemplo o éxito do programa Xabarín club, dirixido ós nenos, é dicir, ó sector da poboación do que depende o futuro do idioma. Moitos deles teñen unha cita diaria con este programa e ás veces é o único contacto cotián co galego.

Con respecto ós programas que se fixeron para a aprendizaxe da lingua, recordamos o programa “¿Imos aló?”, con guión e dirección de Siro López e que posteriormente se difundiu en vídeo.

Para as explicacións, o autor sèrvese duns bonecos que observan as conversas dunha familia galega. A partir de aí, fanse comentarios sobre a gramática, léxico, frases feitas, incorreccións lingüísticas, campos semánticos, etc. A aprendizaxe da escrita subliñase na pantalla dun monicreque ordenador con vida propia, chamado Chip. A través do curso, obsérvase a combinación do mundo tradicional e o mundo moderno: cantigas, tradicións, costumes... súmanse ás máis modernas inquietudes dunha familia galega.

Lembramos todos tamén o clásico e rigoroso programa “Cousas da Lingua”, presentado por Rosa Castro e dirixido por Constantino García. A través del soubemos curiosidades lingüísticas, explicacións de frases feitas, correccións ortográficas e nunha sección do mesmo recollíanse os traballos realizados por diversos colectivos en prol da normalización lingüística.

Non queremos deixar sen mención o método *EDIGAL Galego*<sup>18</sup>, elaborado polo Colectivo Albariza e que representa a primeira tentativa da introducción da metodoloxía audiovisual na didáctica da lingua galega. O método consta de 49 leccións distribuídas en 4 volumes e en 3 cintas, contemplando así os niveis escrito e falado da lingua.

A derradeira experiencia metodolóxica no campo audiovisual foi o curso de galego *A palabra herdada*<sup>19</sup>, presentado en soporte compacto e, como no caso anterior, acompañado

<sup>17</sup> X. A. L. Dobao, “A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha nova política lingüística”, en *Cadernos da lingua*, nº 7, 1992, páx. 27, 29.

<sup>18</sup> Colectivo Albariza: *Edigal Galego*, Edigal, S. A., Santiago, 1985.

<sup>19</sup> D. Castro Soliño e R. Gullón González, *A palabra herdada*, Citania Publicacións, Lugo, 1995.



dun documento con solución dos exercicios que facilita a aprendizaxe. Coa súa realización pretendemos ensinar a lingua sen caer en definicións, sen facer árida a gramática e por suposto sen traducións ou comparanzas abusivas.

Así, co noso material máis valioso, a palabra, decidimos gozar dela e facer un percorrido polo mundo que a palabra nomea: a nosa historia, a nosa xeografía, as nosas lendas, a nosa literatura, o nós que morre e o nós que aínda sobrevive.

O noso desexo con este relatorio é agradecer e lembrar a todos aqueles –mesmo ós que por razóns de espacio e tempo non foron citados– que achegan un pouco máis a lingua a nós mesmos.